

8821

# BESTAS BRAVAS

NOVELA

DE

FLORENCIO VAAMONDE




REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA


CRUÑA  
TIPOGRAFIA EL NOROESTE  
1923

F 2917

Biblioteca



BESTAS BRAVAS



# BESTAS BRAVAS

NOVELA

DE

FLORENCIO VAAMONDE



CRUÑA  
TIPOGRAFIA EL NOROESTE  
1923

REPRODUCED FROM THE


*Ao señor*  
*Don Mariano Gimeno*  
*Araquistain.*

Cuido un deber, que me é gratísimo, o consagrar estas modestas llanas á quen tantas probas de afecto me ten dado, e dispensado atencións que ende xamais se poden esquecer, infundiume alentos e desbouzou o camiño que tiña que recorrer este humilde traballo para ser lido.


Pequena é a ofrenda, pero vai co'a confianza de que se dinará o acollela beninamente como fiel testimonio do meu profundo e sincero reconecimento.

○ Autor.









## BESTAS BRAVAS

---

### I

Nun lugar dos mais pintorescos das Mariñas, na súa torre de Pedralba, vivía en mil setecentos noventa e tres un señor xa de idade, viudo, c'unha filla bonita coma un sol. O bó de Don Rosende, que así se chamaba o vello, estaba case todo o ano no campo e samente no inverno acudía á pasar unha temporada na capital da provincia. A súa residencia de Pedralba era unha casa antiga, case cuadrada, de dous altos, cinguida de algunhas dependencias dedicadas a corte, lagar e outros servicios propios de quen cultivaba terras, como sucedía naquel tempo en

que os nobres, sen esquencerse das cousas da vila, eran us verdadeiros labradores, pois raro era o que non collía viño, grao e froita d'abondo das suas propias fincas que traballaba por medio de criados ou xornaleiros. Ademais dos agregados que dixemos, tiña a torre, inmediata, casa para caseiro. Este conxunto de edificios estaba arrodeado de cinco ou seis ferrados de horta e un pequeno xardín c'un portalón que era a entrada principal da posesión que compretaba un labradío de gran largueza e algús pinares. En mais de mil varas ao rente, non había outra construción nin se vía apenas por alí mais familia que os xornaleiros ou caseiros da casa. Aquela soedade tiña que causar espri-cábele aburrimento, non nunha persoa cansada do mundo, que esta a todo se afai facilmente, pero sí nunha rapaza de poucos anos ansiosa de ver cousas, e sobre todo, de tomar estado.

Así Helena (este era o nome da filla de Don Rosende) gustaba pouco da torre de Pedralba. O tempo facíasele nela mui lon-

go e deseaba que o inverno viñera logo para ir á vila, e cando na vila estaba sentía que chegase o tempo de volver á torre.

Nun d'estes invernos veu de fora á capital un rapás ben parecido e ben portado, c'un importante emprego, e entrado na sociedade que frecuentaba Helena, presto se prendou dela, sendo correspondido; pero o pai da nena, que tiña outros propósitos, non vía con bos ollos o galanteo d'aquel forasteiro que non se sabía quen era, e mais d'unha ves deulle á entender á filla que non quería aqueles amores, que él tiña o pensamento de a casar con outro rapás conocido e de mellor porvir, e que ela debía ser obedente á seu pai, que so traballaba na busca do seu ben. Mais estas e outras razóns non convencían á namorada rapaza. O mozo agradáballe, e xa aceso o fogo do amor no seu corazón, era moito dificultoso o matal-o. Finxiu, con todo, obedecer o pai furtándose aos ollos d'él de todo acto que puidera acusal-a de desobediencia, pero mantendo con grande segredo as mesmas relacións c'o mozo.

Como todo o mundo foxe da auga corrente, e cuida menos de fuxir da mansa, o mesmo Don Rosende, inda que non deixaba de alertal-a filla, vivía, con todo, confiado en que os amores de Helena c'ó estranxeiro se non tiñan morto de todo, estaban- pol-o menos, case enteiramente esfriados.

O fidalgo enganábase. A mina que so terra se enchera de esprosvivos, iba estalar ben axiña. Unha noite sentiu zonido de mosquitos que o non deixaban dormir e un fresco sospeitoso que lle daba na cara como se algunha porta ou ventana estivese aberta, e cuidando, receoso, que acaso algun malfeitor lle entrara na casa, ergueuse caladiñamente, acendeu lus, pillou unha pistola co'a que sempre dormía debaixo do cabezal e saíu do seu cuarto a ver de onde viña o gris que notaba. ¡Cal non sería o seu espanto ao ver aberta a porta da alcoba de Helena! Botou unha ollada ao interior da habitación o topou valeiro o leito da filla. Largou d'alí coma un tolo, recorreu toda a casa e ao rumor dos seus pasos acor-



daron os criados, aos que preguntou onde estaba sua filla.

—¿E onde quer que estea, respondéronlle, senón no seu cuarto?

—Pois non está, dixo él.

—¡Bah!, seique soña, señor.

Saíu aínda da casa, cuia porta, o mesmo que a do curro, achábase tamén aberta, recorreu todo este e o xardín, e nada. A nena non parecía.

A mais dorosa impresión dominou-no daquela. A filla fuxiralle da torre para se axuntar ao mozo, ou él viñera buscala. A ira estalou no fidalgo e como fora de si, ou se se vise en risco de ser atacado por unha gavilla (que xa o intentarán roubar) fai erguel-os criados e caseiros, e manda un que vaia buscar os do lugar mais veciño. Chegan todos. Dilles que sua filla, esquencendo as leis da honestidade e burlando a sua vixiancia tiña largado c'o mozo, ou para se axuntar a él, e que xa que lexugara as suas cañas, era preciso os perseguir e castigar, e non se dan-

do conta de que xa pasaran os tempos feudás, ou como se se tratase de ir a unha cazada de lobos ou de porcos bravos, repartiu-lles armas eañadiu con enerxía:

—Se os hachardes, non haxa les piedade d'eles. Matádeos e non teñades cuidado.

—Ben está, si señor, responderon os paisanos.

E por parellas, e sen agardal-o estrelecer, foron-se cada un pol-a sua banda, indo tamén c'o seu mais fiel criado, o propio Don Rosende, que empunaba unha carabina de dous canos. Os demais homes, en número de oito ou des, portaban carabinas us, pistolas outros, gadaños ou fisgas os mais, pois as armas que Don Rosende lles tiña dado, non chegaron para tantos, e como dixemos, por diferentes bandas, encamiñaron-se para a vila. Andaron todo o día, recorreron total-as aldeas, interrogaron â familia que atopaban, pero nada puideron pescudar. Ademais, a torre estaba tan arredada dos camiños e tan isolada, que a fuxida podía facerse sen deixar o menor rastro ou sinal que puidera ser-

vir para a descuberta dos namorados. E xa ben entrada a noite, volveron os espedicionarios, brizados e desanimados, dicindo:

—Deberon de se meter na vila.

## II

Dendes da fuxida da filla, o fidalgo de Pedralba caíra nun fondo abatimento. Apenas dormía, comía pouco e pasaba as horas â ventana, cavilando, co'a vista fixa no arredado hourizonte. O seu character volvérase recooso, e furtando-se de falar de Helena, cando lle alguén por ela preguntaba, respondía sempre, como saído de un distraimento:

—Miña filla morreu.

Nos primeiros días que seguiron â fuxida procurou a axuda da autoridade para poder facer valer os dereitos de pai, pero non podendo dar c'ò paradeiro dos fuxentes, nada tiñan resolvido os funcionarios que entendían neste asunto. Mais a nena fóra-se recoller â casa de unhas parentas e estas trataron de unha reconciliación c'ò pai para fa-



cel-o casamento sin intercadencia ningunha. Pero Don Rosende, de caracter severo e duro, nada quixo oir da filla, nin menos lle dar consentimento para casar cun recén chegado que nin siquera se sabía de certo quen era, e en van lle suplicaron e fixeron as reflexións pertinentes ao caso. Cada paso enfurecíase mais, e as boas señoras deron o preito por perdido, deixando aos novios que levasen o tal negocio á debido efecto como as leis civís e relixiosas determinaban naquel tempo, e terminal-o o expediente o mesmo ano de noventa e tres, Helena maridaba, á despeito do pai, c'o elexido do seu corazón. Don Rosende soubo-o, como era natural, e desfacía-se en bágoas; pero cando esprotou a sua dor foi ao cabo de case un ano ao decinren-lle que xa lle nacera o primeiro neto. Ante esta nova, Don Rosende perdeu a serenidade, acometeulle un desvano e tivo que gardar cama por mais de quince días. A sua amargura medrou de unha maneira alarmante. Tan presto paseaba pol-a habitación como se paraba, accionaba falando só e todol-os

seus servidores cuidaban que tería que ser levado á unha casa de orates.

O fidalgo non era samente disgusto o que tiña; era sede de vinganza. Quería castigar a filla desobedente e non vía xeito de o conseguir. Os seus bes, vinculados, habían de pasar a ela forzosamente ou á ese seu neto, fillo do estranxeiro que él detestaba, e esto era o que lle mais revolvía os miolos.

Unha tarde, arrimado no peitoril da ventana, contemprando o formoso paisaxe que da torre se vía, cos preciosos labradíos e pinares que a circundaban, Don Rosende dou unha palmada na fronte, e como Arquímedes cando descubriu de repente a lei da pesadeza específica dos corpos, pulando de alegría, escramou:

—Atopeino.

### III

Poucos meses despois, nun espréndido día de vrao, atopábase o curro da torre de Pedralba cheo de cabalos, con albardós ou

xamúas, e moitos criados das señoras e señores que no edificio estaban á festa que se celebraba nos seus salós. Alí acudiran os fidalgos dos contornos con moitos dos seus familiares e non se respiraba mais que contento e alegría. Era o xantar que Don Rosende ofrecía ás suas amizades naquel día solene en que pasaba a segundas nucas, á pesar dos seus anos, cunha nena, case unha criatura menor aínda que Helena e que podía pasar por neta do bon señor.

Cando este tratou de tomar estado por segunda vez, andou cavilando como facería e supondo, e con razón, que xa non estaba en condicións de namorar ningunha rapaza, botou unha cllada ao rente dos seus dominios e pasou revista das nenas casadeiras que había naquela bisbarra, sobre todo das que, carecendo de fortuna, non poñerían reparo en compartir co'él o produto dos seus haberes.

Despois de moito cavilar pensou en Teresiña de Campos, filla de Don Agustino de Campos, fidalgo non rico, pero ben relacio-

nado. Tiña un irmán Vicerrei ou Intendente na America; era tamén parente do Capitán Xeneral e Meiriño da xurdição. Tiña á mais de Teresiña, outra filla maior, a maiorádega, xa casada, e cuidou Don Rosende que aquela, por este último motivo, recibiríao por marido con grande contentamento, posto que seu pai apenas dispoñía de bés libres que lle deixar.

Don Agustino de Campos era un home rexo, incorporado e barudo, pouco falangueiro, e xa non vivía no seu soar, a torre do Campo, porque aparecendo nela o trasno, decían as xentes, houbo que deixal-a vouga, e como ninguén quería estar nela, desfíxoa o dono e vendeu a pedra de que estaba composta, despois que xa arreglara outra casa mais pequena nun rueiro preto da igrexa da parroquia, e nesta casa foi onde recibiu a visita de Don Rosende, que formalmente lle iba pedil-a filla Teresa en casamento. Estranouse moito Don Agustino do pedimento, sen que denantes houbera o introito ou relación por peque-

nas que fosen, co'a nena, a que tamén se asombrou do que se lle propoñía, pero pai e filla aceptaron de bon grado o ofrecimento, e alí quedou concertado o enlace cuxa festa celebrabase como temos dito na torre de Pedralba.

Teresiña, inda que nova, era mais des-pabilada do que a súa idade prometía, e sabía mais letra miuda que un curial. Era cubizosa e vana e non pensaba mais que en riquezas e diversións. Non era fea de cara; morena, de cabelo e ollos negros como a penna do corvo. Xeitosa de corpo, vestía ben e tiña verdadeiramente un ar xentilísimo.

Á abril-os ollos d-esta criatura non contribuíra pouco o mordomo de Don Agustino, rapás de as vinteoito anos, cubizoso, e quimerista, que inda que non era do igual de Teresiña, pensando que esta se ben non posuía ningún vínculo, podía ser herdeira do Vicerrei, que era solteiro e xa non mozo, dixeralle mais de catro cousas que a nena, vaidosa de se ver cortexada e tratada como



muller feita, acollera co'a meiga sorisa que leva en sí un mundo de expresion. Non se celou o mordomo, de que a dona dos seus pensamentos pasase a poder do vello señor de Pedralba, antes avaricioso e ruín como era, alegrouse d'elo supondo que o ancian logo deixaría unha viuda que se aproveitase dos cartos do home—que tiña sona de telos—e, despois xa él toparía xeito de disfrutal-os.

Tampouco Teresiña deixou de pensar algo de semellante, dicindo o día que a pediron:

—Hoxe sí que cacei unha boa lebre, o mesmo que os caseiros e criados de Don Rosende, cando a viron entrar na torre collida do brazo do amo, sorrían maliciosamente murmurando:

—Pipirete para outros. E Don Rosende dicía para os seus adentros:

—Xa estou vingado.

Don Rosende morreu á pouco de casado sen chegar a ver logrados os seus desexos e sendo vitima do que tiña de vinganza. Non tuvo sucesión de Teresiña e o maioradego que él cuidaba recaese nun fillo varón, pasou pol-o ministerio da lei a Doña Helena, que estaba pouco adiantada, atida sô ao escaso rendimento da paga do home. Bés libres, poucos lle quedarán, e o diñeiro e alaxas da casa mortuoria todos foron dar â gabeta da madastra, e inda moitos móbeles dos mellores que ocultamente foron carretados â casa do morçomo de Don Agustino que tiña preto de Sada, e aos cinco ou seis anos quedaba Helena viuda sen mais facenda que o vínculo que herdara, e que ela mermou na metade que para atendel-os fillos tuvo que vender, gracias â lei de desvinculación, entón en vigor, que lle daba este dereito.

En troques, doña Teresa, libre xa do vello con quen maridara, e dona dos seus actos,



pasara a segundas nucas c'o mordomo do pai, de quen tuvo dous fillos tan bós como él. Home altaneiro, e capás de total-as vilanías, c os cartos que a muller arrapañara en Pedralba, cuidábase un potentado. Meterase nas fonduras da política e era co'as suas malas artes o terror do paisanaxe da bisbarra. Chegou a súa ousadía a tanto, que, cando viñeran os seus ao poder (él militaba no partido liberal), estando enemistado co crego, un domingo cando este misaba, chegouse ao altar, sacoulle de diante o misal e tirouno no chan, pretendendo facelo mesmo c'o ministro do Señor. O escándalo e tumulto que alí se armou foi espantoso. A indinación dos fieles foi grande. Todos se puxeron de parte do crego, salvo algúis que largaron d'alí por medo a que os chamasen a declarar. Houbo justicia e á pesar dos amigos, o mordomo foi dar c'os seus osos ao río dos Sapos.

—Xa non volve mais a esta terra, dicían os feligreses. A estas horas debe estar aforcado. De pouco lle serviu a súa soberba.

Pero, un día, a sorpresa foi maior aínda que o espanto do escándalo do misaí. O mordomo apareceu na parroquia absolvido de todo pecado.

A mula de Filipo abre total-as portas, e efectivamente, parece que ao milagre non foron alleos os diñeiros de Pedralba. Co'esto redobrou-se a ousadía do mordomo, e xa non impoñía medo senón terror aos pobres labregos. Pero esto durou pouco. Disolvídel-os cartos de Pedralba coma os do sancristán, o home quedou c'os petos valeiros, e con gran desespero con motivo da morte do Vicerrei, tío de Teresiña.

Aquel señor estaba para se embarcar con rumbo a Galicia, e traía moita riqueza. Así o anunciaba a Don Agustino, que xa estaba vellíño, e ao seguinte correo con estas novas, veu a de que a víspera da saída do barco do porto onde estaba presto para partir, o vómito negro o vitimara en poucos días. Don Agustino era, pois, o herdeiro do irmán. A súa ancianidade e os achaques que o amarraban ao leito, impedían-lle ir

recollel-a herencia, e o mordomo e xenro, que era o mellor disposto para esto, non só non gozaba da confianza do sogro, senón que tamén estaba esmagado das friaxes que collera na célebre prisión compostelana. Había, pois, que nomear persoa que cruzase os mares o recollese o tesouro do Vicerrei.

A morte de este era xa pública, así como a sona da herencia grande que deixaba. Houbo un comerciante na Cruña que se chegou a Don Agustino a lla mercar por trinta mil pesos, suma grande para aquela época. Pero a cubiza apoderou-se de don Agustino e dixo:

—Cando me este dá trinta mil pesos, a herencia debe ser de millós.

Pero o que tuvo Don Agustino de cubizoso tuvo-o tamén de confiado, e posto que se non convida na venda, o comerciante, ofreceu-se ir á América a buscar-o tesouro que houbese, mediante certa contía. E así foi. Levou poder e documentación precisa para o caso e retornou aos pou-

cos meses, sen siquera se apresentar a dar conta do seu cometido, e, cando lle por él preguntaron, respondeu:

—Non traio papés nin cartos. Todo me levaron os insurrectos.

Morreu Don Agustino c'o disgusto; as fillas choraron como mulleres que eran, e o xenro, retido pol-a doencia, quedou deseando aclarar este misterio, que misterio quedou, pol-a morte do cubizoso mordomo; pero o comerciante foi, dende entón, para riba, e seus fillos quedaron millonarios; e eso que se dí que o roubado non loce.

¡Vaia se loce!, diría rindo este bon fillo da Xudea.

## V

O neto de Don Rosende era xa maior de idade.

Sua madre morrera, e, pol-o tanto, pol-o ministerio da lei, atopába-se dono do maorádego do abó; mais como Doña Helena se vira tan necesitada para criar os fillos durante a súa viudés, e acollida â lei

de desvinculación que entón rexía, vendeu a metade do vínculo, e os bés da outra metade reservábele de que non podía dispoñer en venda, aforounos case todos, co'a firma do inmediato sucesor que era o fillo único que lle quedou á sua morte, pois os outros morreran antes que ela. Cando aquel se viu dono do vínculo, sen mais bés libres apenas que unha casaña no lugar de Alvo-relle, un pouco apartado de Pedralba, ben que esta torre lle quedase libre con algús ferrados ao seu rente, o desconsolo e a rabia apoderáron-se d'él, e maldicía da sua sorte e da nai por lle sorprenden a sua boa fé ao abusar da sua minoridade, e dicía:

—Miña nai está ardendo nos infernos. Ela foi a miña acabación.

Estas palabras darán idea de quen era o neto de Don Rosende. O neto de Don Rosende era un rapás ben parecido, de cabelo louro, e marcado de virolas que palecera. Non seguira carreira, pero lera algo, sobre todo, obras de moral que tiña sempre nos labios, e que a non practicaba, resul-



tando un hipócrita que con mélica fala enganaba â familia. Home volúbele e informal, agora dicía unha cousa, e desdecía-se logo do dito, de xeito que ninguén podía confiar n'él. Tiña algunha disposición para a mecánica e sabía traballar de carpinteiro coma o mellor mestre d'este oficio. Pero, sobre todo, o que mais o dominaba, era a sede do ouro, e se non fora cobarde, que o era, e moito, e fácil que d'él saise un capitán mais disposto que os mellores de Sopiñas. O seu alimento cotidiano eran papas de millo, sardiñas, de que había tanta fatura que se botaban nas leiras como abono, caldo de unto, en fin, pasaba fame por aforrar, porque se ben non era rico, tampouco estaba na extrema necesidade que o obrigase a tal sacrificio. Así é que cando se viu c'o vínculo case desfeito, non se podendo vingar na nai, foi-se vingar na terre de Pedralba, que por certo era mellor que a casa de Alvorelle, na que vivía e na que sua nai morrera, e chamando canteiros, rebai-xoun-a o que lle pareceu, desfíxo-se da pe-

dra, incluso a de armas que pasou á servir, posta en dous pedazos, de marcos de unha finca, e despois de desmantelado o edificio endexamais volveu a él, terminando por vendel-o. Home que finxía mui ben, con certa sagacidade sabía emparval-os labregos, buscar testigos falsos con grande facilidade, e apoderando-se de algunhas terras do común, por medio de posesión, foi aumentando a minúscula propiedade que lle quedara. Mais, querendo añadir capital ao seu tan mermado, procurou buscar un casamento e pensou nunha filla da viuda de Finchorelle, e como a rapaza non tiña moito que herdar por seren tamén os bés dos Finchorelle case todos vinculados, cuidoa, e con razón, que era partida ganada en canto se á ela puxese. Mais se dende do punto de vista do interés parecía non ter importancia este casamento, tiña-a e grande para o neto de Don Rosende, que concebira o pran inxenioso e diabólico de se apoderar e facer dono da riqueza d'aquela



casa entrando n-ela como agregado e quedando de amo e señor.

## VI

A casa de Finchorelle era sin duda algunha unha das mais respetables que había entón nas Mariñas. Os fidalgos d'esta casa, sempre xenerosos, sempre dinos, eran a representación do fidalgo galego, tendo por norma, en todol-os seus actos, a cabaleirosidade e a honradés. O pazo de Finchorelle estaba de continuo aberto á todas-as necesidades e d'alí saían á reo o conforto e consolo para moitas miserias e dores. O señor do pazo acababa de morrer, e nél moraban samente a viuda con fillos pequenos e un tío velliño; a mais da servidume, un mordomo e un mestre, que daba escola aos nenos.

Os señores de Finchorelle tiñan sona de ricos, sobre todo o velliño, que estivera na América e trouxera d'alí moito diñeiro, e como daquela non había, coma hoxe, Ban-

cos en que o depositar, nin tanto negocio en que o meter, era corrente o gardar en furados feitos nas paredes das casas; o enterrar nas bodegas ou noutros sitios ocultos para o poñer á cuberto da rapacidade de gavilla de Sopiñas, que era o terror da provincia. Así é que, na maior parte das vivendas, había troneiras e defensas para o caso de un ataque por parte dos ladrós.

Era en Setembre, no tempo da vendima. Cuarenta homes d'aquela gavilla, que un anoitecer se meteran nos espesos pinares cercanos, presentaron-se de súpeto, á hora mais avanzada, no pazo de Finchorelle, edificio de pesima defensa, e de seguida comenzaron us á pinzal-a porta do patín e tirar tiros para meter medo aos veciños do lugar, no intre que outros pretendían, subidos á un balcón, botar-lle abaixo as ventananas para por elas entrar. A sorpresa na casa foi grande e o terror mais ainda naquela viuda en aqueles nenos. Un criado agachou-se detrás de unha porta de dobre folla; outros desapareceron. O mestre xa

non estaba en exercicio por teren os nenos acabados seus estudos e non necesitaren dos seus servicios. O velliño saltou da cama, e se lembrando de que militara con gloria c'un alto grado no exército, colleu dúas pistolas para responder ao ataque; pero o tiro non saía; despois comprobouse que, as pistolas, tiñan a bala no canto da pólvora que, tal vez unha man oculta cargara d'este xeito para que non servisen. Como aquelas armas non daban fogo, o velliño colleu a espada e defendeu a ventana menos forte do balcón, e por ela non puideron entral-os bandidos, e aínda algús saíron feridos nas más. O mordomo, a oil-o primeiro tiro, saltou, medio vestido, por unha ventana, e foise recoller â casa de mais cerca, onde vivía só unha muller, e segun din as malas linguas, namentres os estouros das armas se sentían, él estaba rendendo culto a Venus, posto que, aos nove meses, a muller que lle dera casa cuberta, paría unha nena que era o vivo retrato do mordomo.

O tiroteo parara. Os ladrós entraran pol-o tellado, algús chegaron preto do velliño, e este, os vendo entrar â claridade de un facho que tiñan aceso, escondeu a espada baixo de un móbele e fíxose o morto, temendo que se lle visen a arma na man o asesinasen. Con todo, dispararon-lle un tiro que non fixo mais que lle ennegrecel-a cara c'o fogonazo e deixaron-o tirado no chan, como estaba.

No intre que esto pasaba, xa no inmediato rueiro onde se sentiran os tiros, un señor que alí moraba, e con xente armada velaba total-as noites, saíu c'us doce homes e co'eles chegara diante da casa atacada para poñer cada un detrás de un castañeiro dos que frente do edificio había. Os doce homes así apostados, era d'abondo para acabar c'os de Sopiñas, pero como aquel señor tiña igualmente sona de rico, a vaidade e a invexa invadirono de súpeto e botouse a conta de que deixando arroubal-a casa de Finchorelle, a d'él quedaría a primeira dos contornos, e volvendo-se a eles dixo-lles:

—Señores: nós somos mui poucos para esta empresa. Eu teño tamén moito que defender, e acaso mentramentes estamos aquí, poida dar que parte d'esta gavilla se aproveite da ocasion para entrar na miña casa. Déamos volta.

E volvéron-se.

Os ladrós, en tanto, rexistraban o pazo, sacaban todo para fora, móbeles, roupas, canto podían, e cargaban en mulos que, para este servicio, levaban, e daban-se presa, dicindo us aos outros:

—Bulide, que ven o día.

O señor que acudira e se retirara c'os doce homes, cando soubo o remate do asalto, saltaba de gozo, cuidando a ruina completa dos Finchorelle, e que, en toda a volta non quedaría outro mais poderoso que él. Este señor fora un cirolán da montaña que se metera contrabandista, despois foi abastecedor de víveres do exercito na guerra de Napoleon. Fixo cartos. Trabou amizade, sobre todo cón maxistrados e xueces, que convidaba a miudo a xantar na sua casa e,



por este motivo, todos lle tiñan medo, e d'este xeito, apoderaba-se de terras que lle ninguén ousaba disputar, cerraba as fincas, e despois, baseado na posesión, proclamaba-se dono absoluto d'elas, e así sen gastar nada chegou a ter grandísima propiedade territorial. Pero por desgracia sua, algun o denunciou de que tiña o libro de San Ciprian. Prenderon-no e leváron-no ao río dos Sapos, de onde saiu a forza de diñeiro, e arruinado de tal modo, pechou-se nun cuarto e alí morreu de pena.

## VII

A casa de Finchorelle levou un baixón, pero non pereceu de todo. A señora viuda tuvo, por eso, que vender varias fincas para a repoñer do arroubo, e feito esto, e cuidando preciso mirar pol-a crianza e porvir dos fillos, marchou a vivir â Cruña para obter, mais tarde, unha charretera para cada fillo e un bon partido para cada filla.

A sua casa era centro de reunión da boa sociedade e pasaba-se nela o tempo mui ben, sobre todo a xente moza. Os mais asiduos concurrentes eran, á mais do capitán xeneral, o coronel de Estremadura Don Tomás de Zumalacárregui e os oficiás solteiros do seu reximento. Tamén concurrían algúns xefes e oficiás portugueses emigrados, fuxidos das iras miguelistas, entre os que se encontraba o simpático e galante barón da Costa, cando foron amnistiados, axuntaron-se todos e o de maior graduación dixolles:

—Xa podemos voltar a Portugal, que Don Miguel nos perdoa.

—¿E quen perdoa á Don Miguel?—respondeu o oficial mais novo. E todos botaron a rir.

Un día Zumalacárregui foi elevado a brigadeiro e nomeado gobernador do Ferrol. A viuda de Finchorelle regalou-lle a faixa, e cando a puxo, díxo-lle sorrindo:

—Xa me lembrarei de Sopiñas, e largou ao seu goberno.

Sopiñas, por medio dos afiliados nas suas cuadrillas, era o terror da provincia. A súa gavilla era do mellor organizado e ninguén podía abatila. O seu espionaxe era perfectísimo e para ela non había segredos. Sabía os costumes de cada casa e a riqueza que tiñan os donos e nunca daba golpe en vago.

Notou-se esto no arroubo da casa de Finchorelle, pois os ladrós, dos que un home e dúas mulleres, levaban a cara tinxida de negro para non seren conocidos, sabían todol-os rincunchos e foron dereitamente ao sitio onde estaban os cartos e á onde había ouxetos de valor, que foi ao primeiro que botaron man. E na mente dos roubados quedou que o director de todo, fora o mestre despedido, que precisamente era de Ferrol ou da súa comarca, e que tal vez a escola era a cuberta do seu vil oficio. Así, as casas eran tomadas facilmente, ou entradas a viva forza se había resistencia, e aínda que en moitas d'elas se velase e vixiase, rara era a que se libraba de caír nas

más dos bandidos. A esto hai que agregar que Sopiñas contaba con valedores de posición social e civil que participaban dos roubos. Tiña tesoureiro, contador e montepío para as viudas dos que morrían loitando. O propio Sopiñas era un rico comerciante que pasaba por home mui acondutado.

Zumalacárregui, pois, tratou de acometer a empresa de acabar con tan terrible gavilla. Home de talento e condicións civís e militares, xusto, recto e imparcial, ningún era máis a propósito para isto. Este bravo xefe procurou descubrir a vida e costumes dos bandidos; ás altas horas da noite atopábaselle nos sitios máis ocultos da vila coma un vixiante da seguridade dos veciños, e, ao fin, conseguiu o seu ouxeto: ordenou as forzas de un reximento e unha noite prendeu á case toda a gavilla de Sopiñas, que someteu ao fallo de unha comisión militar nomeada ao efecto. Neste estado as cousas, acontecementos políticos fixeron que Zumalacárregui fose relevado do

emprego que exercía. Sospeitaron os maliciosos que á caída de tan dino xefe non fora estrano o ouro dos bandidos, e que as onzas de ouro que levaba agachadas no cabelo a muller de Sopiñas cando subiu ao pau, ademostaban que mais restaban en algures e que á fera inda lle quedaba o rabo por esfolar. Mais o certo é que se Zumalacárregui non tuvo tempo para esterminar de todo a gran gavilla, deulle un golpe tan certoiro e mortal que a desfixo coma o fume aos poucos meses. Zumalacárregui marchou de cuartel á Pamplona e magoado polo mal que fora tratado por quen debiera de aprobat e premiar o que él fixera, só esperaba ocasión para confirmar o que valía, e alí lle colleu á morte de Fernando VII, e entón foi cando o fillo de Ormaestegui se presentou no val de Araquil á efrecelos seus servicios aos carlitas, e logo se lle uniron moitos xefes e oficiás do seu antigo reximento que o querían en extremo, e que mais tarde, algús, en Vergara, quedaron de xenerás do exército cristino. Naquela vila os



atopou, e foi saudal-os, o maiorádego de Finchorelle, que xa lograra a charretera e estaba ás ordes de Espartero. O maiorádego, nunha retirada, notou que un comandante do seu batallón á quen lle mataran o caballo, non podía correr porque os faldós do tabardo se lle prendían nas esporas, e por eles, o colleran e levaban os carlistas. Cargou entón con vinte homes sobre dos facciosos e rescatou o comandante, o que lle valeu un grado e o ser levado ao lado do xeneral en xefe. Os xenerás á que aludimos (Zumalacárregui xa morrera no sitio de Bilbao) tiveron grande alegría en ver aquel rapás que era un neno cando sua nai os recibía nas reunións da sua casa, e o maiorádego tamén á tiña ao ver a rápida carreira d'algús daqueles que pouco antes eran tenentes ou capitás, e non se cansaban de lle preguntar por cousas da Cruña, das rapazas que conoceran, e de outras amistades, sobre todo un chamado Veles, que era mui namoradizo e deixara, decía-se, algunha prole na capital de Galicia.

## VIII

A casa de Fincho:elle, arroubada por Sopiñas deixaba, a pesar do golpe que recibira, riqueza d'abondo para tentala cubiza do neto de Don Rosende, que como dixemos, tiña o pran de se apoderar d'ela, tomando por muller unha das fillas daquela distinta familia.

A boda levouse á cabo, e, unha vez levada, como o maiorádego de Finchorelle e seus irmás, que tamén obtuveran a charrera, estaban en Cataluña na persecución de Cabrera que non entrara no convenio de Vergara, e a guerra seguía naquél principado, o mordomo da casa, que abusando dos seus poderes, botaba-a á fondo co'a sua comechura, e ademais, levado do mal exempro do seu colega de Campos, puxera os ollos na que xa era parente do neto de Don Rosende, fora despedido pouco había, e nela facía falla un home de goberno e de acción, porque ademais a viuda tiña pouco caraute e pouca disposición para administrar bés e tratar c'os aldeans. Era

bondosa, demasiado bondosa, e pagaban-lle os caseiros cando querían, e se se descuidaba, logo lle os paisanos entrampaban as fincas, removendo marcos, inventando serventías e facendo outras cousas que só acudindo á xusticia poden-se reparar, se se reparan, e gastando diñeiro.

Era, por tanto, o fillo de Doña Helena moito necesario na casa da sogra. Foise, pois, a vivir co'ela, e fíxo-se cargo da administración dos seus bés.

O neto de Don Rosende administraba os bés da sogra e dos seus fillos admirablemente. Todol-os caseiros pagaban ben, e o que o así non facía, era demandado, e nunca se lles esperaba de un ano para outro, nin se lles deixaba á conta parte ningunha de renda.

—Se non poden pagal-a renda d'un ano, ¿como poderán pagal-a de dous?, dicía o novo apoderado da casa de Finchorelle; e como se vise sen que ninguén o vixiase, cuidou sômente en se aproveitar da ocasión e levar a cabo o seu pran. Comía e bebía ben

porque nada lle custaba e púxo-se gordo e corado. Os manxares xa non eran as papas e as sardiñas, senón boas viandas, e có que da comida aforraba, aditaba por outro lado o que â sogra lle arroubaba e que daba á réditos incruso á ela mesma. A señora, pouco espavilada, e demasiado confiada, deixaba todo a cargo do xenro sen se ela meter en nada, e este, que recollía total-as rendas, facía-lle ver â sogra que os caseiros andaban atrasados e hasta finxía demandas e xuicios, e cobraba-lle gastos que él dicía adiantara para endereital-os rebeldes. Aforaba fincas e gardaba as calzas. Se se o grao vendía á un precio, él cobraba-o mais caro ao pagador e furtaba a mosía. Ademais había nas tullas unha merma grande de ferrados porque a avelaiña ou o gorgullo comían o grao; a froita desaparecía das árbores sen se saber quen a collía, e hasta o porco baixaba no baño, pois todo esto iba â vila e trocaba-se en cartos que él gardaba, e con estas cousas e outras que pasaban, a señora viuda víase en mil apre-

tos aos que o xeneroso xenro acudía mediante un papeliño e un cen por cen de rédito anual e réditos de réditos, que facían que a débeda medrase de maneira extraordinaria; e cando o maiorádego retornou da guerra, non só se atopou sen a rendas que durante a súa ausencia lle correspondían, senón tamén a nai empeñada en vinteito mil réas que, como cabaleiro, aprontou en onzas d'ouro ao benfeitor cuñado, inda que o segundón, maior vivo de xenio, discutiu c'ó presteiro e no calor da disputa escapouse-lle a man ás faceiras do neto de Don Rosende, que entón, e cuidando que lle habían de tirar pol-a rédea solta que tiña, xugou mellor largar co'a dona para a súa casa de Alvorelle.

Xa tiña case unha fortuna á conta dos Finchorelle, aos que deixou, ademais de arroubados, metidos en mil infunduras das que tardaron moitos anos en se repoñer. Volveu ao seu vello sistema de alimentación porque xa non había quen o mantivese de balde; enmagreceu de novo, e canto



mais aumentaba en capital mais castigaba o corpo. Pero as continuadas vixilias poñía-no deble e collían-o dores terribes de cabeza, sobre todo cando iba â vila por motivo de preitos, porque por non gastar en comida, volvía enxebre â casa e a pé como saíra, brizado do camiño; pero cando perdía o litixio dende o día que pagaba as costas, xexunaba un ou dous meses, ou mais tempo, hasta que se cuidaba desquitado dos gastos.

En tempo relativamente curto, a sua fazenda era a maior dos contornos, e cavilando que como a casa en que vivía era mui vella, asaltoulle a idea de que nela podería haber diñeiro escondido, e inda que estaba ben vividcira, tratou de a desfacer c'o agallo de que lle podería cair en riba e fixo facer no seu canto outra mais â moderna; pero non topou tesouro algùn e lamentábase despois dicindo que lle pesara facer aquela obra innecesaria que lle custara mais do que debera porque o mestre e os

operarios o enganaran o arroubaran o metendo naquela infundura.

Con tanta riqueza e falsidade todo o paisanaxe lle tiña temor e xa lle chamaban o conde de Alvorelle. Na aristocracia galega non hai mais títulos nobiliarios que os de conde. Os demais son estranos. Estes títulos daos o Rei, pero nas Mariñas e aínda en toda Galicia, o pobo aldeán, chama conde a aqueles señores ricos e de boas casas que cuida grandes manates, e un destes títulos, non oficial, era o de Alvorelle con que logo foi conocido o fillo de Doña Helena, que o era tamén pol-o alcume de *Ollos Verdes* que lle puxeran os nenos da escola que diante da súa casa había, pol-as antiparras con cristás d'aquela cór, que gastou sempre, á causa de un padecimento á vista.

## IX

Para colmo de felicidade nun avarento, o conde de Alvorelle non tiña mais que unha nena. Esta nena era tal vez a mais

linda das Mariñas. Corpo esbelto, cabelo louro que invexara o sol, ollos azús coma o ceo, fala suave, era, en suma, unha criatura encantadora, un anxe baixado do alto para esta mísera terra que a non merecía. Era, ademais, modosiña, caridosa, a virtude perfecta, en fin, a xentileza en alma e corpo.

Padre e madre revían-se nela. Había que a casar porque xa estaba en idade de contraer, pero na aldea non se hachaba xeito. O mellor era trasladaren-se â vila, que alí non faltaría rapás do seu igual que se non namorase d'ela.

Era, por certo, un día de fin de outono, cando largaron â capital da provincia. Tristes e lixeiras nubes iban arrempuadas por un vento suave e as follas caídas das árbores tiñan o bosque estrado. O paisaxe, á todas bandas, era pálido e de tétrico aspecto. Sômente o pino, soberbo e lanzál, erguía-se maxestoso, ostentando o seu eterno verdor, e presto o nibueiro, espallándose pol-os campos, toldaba a claridade do

ceo. ¿Son estes, outono, os teus encantos?  
¿Ramaxe sin vizór, árbores ispidas, ou a  
morta madeira do arboredo que se sente  
ranxer dende o camiño? Todo estaba cala-  
diño e solitario, e no deserto bosque que  
o inverno estaba presto a visitar, parecía que  
a imaxe da africión voaba á seu rente o xe-  
mido da dôr levando tras de sí. A conde-  
siña non podía se furtar, sen duda, á im-  
presión que lle causaban aquelas manifes-  
taciós do ano moribundo. Fose por esta  
causa, ou presa de un negro presentimen-  
to, marchaba visibelemente preocupada, un  
frío estrano lle oprimía o corazón e unha  
bágoa fuxidía corrialle algunha ves pol-a  
meixela.

As poucas semanas de chegaren á vila xa  
algús rapaces paseaban a rua axexando a  
nena, que ao fin, e con gran contento dos  
país, tomou relació cun garrido mozo, ca-  
pitán do exército. Todo iba ben, e cando  
aquelas relació estaban á punto de termi-  
nar na igrexa, un suceso inesperado veu vi-  
timar aquela pòbre menina lle arrincando

a vida e a felicidade que bataba e de que era dina.

Xa dixemos que o conde era un home avaro, pero esquencéusenos decir que ademais era caprichoso en grado máisimo e un tanto terco e amigo de lle levar a contra â sua muller. O andacio entrou na vila. A condesa, previsora e temerosa, cuidaba prudente fuxir ao campo. O home, como era cousa da muller, opúxo-se á elo e non houbo razón nin medio de o sacar da sua terquedad e capricho estúpido, nen súplicas nen bágoas á que atendese.

A filla enfermou do andacio e morreu en meaos de oito días. A nai estuvo, c'o desespero, á punto de acompañal-a ao outro mundo, e o pai culpábele desentendía-se dos cargos dicindo que houbera morto o mesmo na aldea, e como home sen sentimentos, lle non entrou o remorso. Aos poucos meses esquencía-se da filla, e para o mellor lograr, meteu-se ainda mais de cheo no tráfico dos usurarios negocios.

Pero ¿para quen adquiría? ¿Para quen



aforraba? Xa non tiña herdeiro forzoso. Él estaba entrado en anos, que non en van pasara o tempo. A condesa era pra pouco, e, se por acaso quedar viudo, a herencia d'ela pasaría á seus irmás, os fidalgos de Finchorelle, que él arroubara infamemente, mais infamemente ainda que a gavilla de Sopiñas, pero que, providencialmente, serían reintegrados do arroubo.

Cavilando neste, pasaba o conde as noites. Decía-se, ademais que a condesa, deixaba todo á aqueles, e esto desesperaba ao conde que, dende entón, quixo-lle arrincar un testamento a favor seu, mais como ela se negase á llo facer, procurou lle dar malos tratos para atemorala, e co'esto a enfermidade da condesa non fixo mais que agravar-se.

Un día, pasaba pol-o camiño real un señor ben portado, montado nunha égoa. Un cabalo picado, que non se sabe de onde saíra, levado dos istintos naturás apareceu de repente, acometeu â besta, e, de unha cabezada dada na espádoa bota do albardon en

baixo o xinete á quen acudiron us labregos que estaban amonteando mainzo. Erguerono do chan, todo magoado, golsando un pouco de sangue pol-a boca. Deulles as gracias e cabalgou de novo.

As malas linguas dixeron que aquel señor era un escribán que iba da casa do conde, e como tiña mala sona, supoñíase que alí fixera algo que non debiera facer. O cabalo que o embestira desapareceu sen que ninguén soupese de quen era. O que sí se averiguou foi que o escribán inda que cuidou que o golpe non era nada, aos poucos meses morría de un tise que o agarrara, dándose o caso estupendo de que cando foron á craval-a caixa onde xacía, desaparecera o corpo, creendo firmemente os bos católicos que, o demo en persoa, viñera buscarlo para que entrase mais axiña no Inferno e que o mesmo demo, en figura de cabalo, fora o que o golpeará no camiño, e esta creencia aínda dura hoxe entre dos bos labregos das Mariñas.

A infelís condesa morreu de miseria, en

compreto abandono, e o conde de Alvorelle quedou dono absoluto de todo o que aquela tiña, e sen recelo de preitos pois cuidaba que ningún parente se atrevería co'él, que por medio do ouro xusgábase omnipotente.

## X

Libre da muller, o conde, con todo, atopouse só. Necesitaba quen o cuidase con interés, pero desconfiaba dos criados, e os criados íbanselle porque lles daba fame e lles pagaba pouco e xa non topaba quen o quixese servir nin ser xogueite das suas imperinencias. E por esta causa mais que por amor senil que lle trouxese soedades de femia, inda que estas só fosen de imaxinación, tratou de buscar outra muller por compañeira ou vítima, sen cuidar, nin remotamente, que buscaba o seu castigo, porque o Señor sabe castigar sin pau e sin pedra.

Estendeuse a nova pol-a aldea e pol-a vila, e como pol-a idade, restáballe pouca

vida, mozas e nenas traballaban por pescalo para se facer c'o que tiña e casar despois con quen lles mellor parecese.

Entre das poucas relacións do conde atopábase unha viuda que lle debía diñeiro e que viu o ceo aberto para se librar da débeda, lle metendo na casa unha das súas rapazas, pois casada c'o crédor a débeda quedaría anulada ou, pol-o menos, esquecida.

A muller que lle trataban para casar era unha moza da aldea, un pouco pulida. Chamábanlle Inocencia, pero mellor lle chamar puidcran Inocencia Perdida. Despois de moitas aventuras tomou por manate un rapás mais ruín aínda que o conde. Este rapás fora criado de servicio, pero quería ser dono de canto vía e cavilaba en grandezas que nunca chegaban.

—Ti tés moitos paxáros na cabeza, pero eses paxáros non voan, decíalle o amo, e botouno fora porque se lle quixo subir ás barbas.

Por fin, conseguiu un emprego pequeno, e como lle non chegaba á nada e non

se podía soste co'él, non se casaba namientras non viñese o maná apetecido.

Cando se enterou das pretensiós do vello conde, viu chegada a súa lotería.

—Rapaza, dixo-lle â moza, tí debes enganchar ese vello. El morrerá logo, e, se sabes, quedarás dona do que ten. Despois... Casarémonos nós. El arroubou aos de Finchorelle. Nós arroubarémol-o a él c'o mesmo dereito.

E botaron a rir, e xuntados nunha aperta, gozaban por adiantado co'a idea da riqueza que tiñan en perspeitiva.

## XI

O conde de Alvorelle casou con doña Inocencia.

Doña Inocencia, chegou â casa de Alvorelle feita condesa, pero como non podía levar nin tomar amor á un vello coma o conde, non deseaba outra cousa, senón que o ancian morrese axiña, lle facendo antes testar ao seu favor para, despois, casar ela



c'o mozo. As relacións con este que, como dixemos, estaba de acordo para se apoderar dos bés do conde, seguían mais estreitas que nunca. A nova condesa chegou presto a ser dona absoluta da casa e da vontade do home en canto non se trataba de cartos que, neste, era inquebrantábele o absolutismo do vello.

A muller sufría o mal estár do seu estado porque cuidaba recoller axiña o froito do que co'él padecía, e procuraba engaiolar o home con finxido cariño e festas á que o ancián non podía ter folgo de corresponder. O conde gababase de que, á pesar dos seus anos, tiña muller nova e bonita, moitos cartos e os caprichos cumpridos, aínda que non a súa fortuna que endexamais chegaba ao límite que él cubizaba, porque canto lle mais medraba mais aumento deseaba néla.

Vivían todo o ano en Alvorelle. Un día, recién casada, a condesa quixo visitala cerca que cinguía á casa. Metía medo vela. Silvas e toxos cubrían os cuarterós. A murla estaba caída en partes e tiña grandes

portelos no resto. As árbores atopában-se moribundas ou secas de todo. O caseiro, c'un gadaño nas mas, iba diante, abrindo paso aos condes, rozando as rabuñas das ameixeiras e outras árbores que fechaban o camiño formando bouza. O xardín era unha inmensa petada de silvas e por entre medio de algunha greta por onde entraba a luz do día, roseiras, esguías e languicentes, alargábanse para ela, en busca da claridade, e como querendo protestar do inxustifico abandono en que xacían.

—¿E como tes esto así?, preguntou a condesa ao home.

—Porque os xornaleiros son us lacazás e eu non quero que me arrouben o xornal.

A condesa, naquel retiro, aburriase grandemente e só desexaba que viñese a noite para estar á solas c'o mozo, no xardín, e se entregar aos seus xa ilícitos amores, sen sospeitas, e sen seren vistos de ninguén. Isto, ao principio, era imposíbele, porque si inxeitaba do leito conxugal, o marido, que tiña o sono lixeiro, podía notal-a falta e non

sería pequeno o escándalo que armase. Había, pois, que tomar modo de o facer en forma que o vello non se decatase.

Disque a condesa, que nestas artes era mui cursaria, discurriu lle botar na cea us polvos que daban ao conde un sono longo e pesado, e, namentres él dormía, ela botábase da cama e iba ao xardín, onde xa a esperaba o amante, que tomara casa en alugo, en Alvorelle, e que entraba facilmente por un dos portelos que había na muralla. Alí pasaban a noite en afagos e suspiros, e cando lles parecía, a condesa retornaba ao leito maridal, e ende acordando, o home, atopába-a ao seu lado, como se nada houbera feito.

Mais o neto de Don Rosende, como vello, era desconfiado e celoso, e deu en sospeitar da fidelidade da muller. O desacougo chegou ao dominar, e constituise en perpetua garda da sua cara metade, facendo o sacrificio de a ter sempre na sua compañía, e ainda que non podía moito andar, levaba-a á pasear co'él.

Unha tarde, ao final do paseo de costume, quixo o conde entrar no cimiterio á vel-a tumba d'aquél cuñado que, outrora, lle dera unha labazada, e ceibándose do brazo da muller, saltou enriba da campa e púxose a petar nela c'os pés, dicindo con salvaxe alegría:

—¡ Pedro! ¡ Pedro! Xa que non te puiden pisar de vivo, písote de morto. Agora non podes poñerme a man.

## XII

A escena foi rápida.

O conde fixera demasiado esforzo para os seus anos, e caíra fatigado e sen conocimiento. A condesa ergueuno do chan, como puido, e axudada d'un veciño que topou levotino para a casa, xa volto en sí, e meteuo na cama. Pero logo se repuxo, e esto alarmou grandemente á muller, porque cuidaba que, se vivise algún tempo mais, perigaba a súa fortuna, suposto que, o conde,

que testara á seu favor, podía invalidar o testamento.

Á noite deu conta dos seus temores ao mozo, e díxo-lle:

—¿Qué che parece, rapás?

—Que tes razón. Se o conde vive mais tempo e de temer desfaga o testamento, e entón, quedámonos sen nada. O mellor sería que fose xunto do cuñado.

Ao outro día, o conde, agravouse de repente. O esceso de forzas que fixera ao pisoteal-a sepultura do cuñado era superior ás suas enerxías e o non podía resistir. Púxose mui maliño. Foi o crego co'a estrema e ao empezar á lla poñer, o enfermo, rebelde a todo arrependimento, ou na loita que c'o enemigo teñen os moribundos nos derradeiros alentos, debeu de ser vencido, e dando unha sacudida violenta, e con todo conocimento, dixo con ira:

—Abonda de cirimonia, e espirou.

Ao sacerdote, un esclaustrado chamado Frai Vicencio, virouselle á cór ante o inesperado suceso, e largou pensativo, na



duda de si aquela alma, empedernida no mal, quedaba xa en poder do príncipe das Tebras, e comenzaba o castigo dos seus grandes pecados.

A morte do conde divulgouse co'a rapidez de un lostrego. Ninguén a esperaba porque, inda que vello, aparentaba estar forte, e algunhas persoas que se cuidaban ben enteradas, falaban de presunto que tomara, de algo que levara aquel presunto, e que esto, e non outra cousa fora a causa da sua morte.

O conde era conocido coma o home mais ruín que había nas Mariñas. Ninguén o quería ben, pero todos lle daban acatamento; us, porque era rico; outros, por medo; outros, os que o menos conocían, porque non cuidaban que puidera haber quen fixese tantas cousas malas como lle á él atribuían.

A condesa choraba diante da xente que iba lle dal-o pésame, pero cando se retiraba á sua habitación, alí, a solas, c'o conde sustituto, víase satisfeita, beixabao, dáballe apretas, e dicía:

—Xa todo é meu. Xa nos podemos casar.

Nun d'estes momentos de criminal desafogo, chegou un parente do conde, que servía ao Rei na Armada, e o único da familia que puido alí aparecer. De boa gana deixaría de o recibir, pero querendo pasar por boa ante dos alleos, e que se non dixese que trataba mal â xente do home, mandouno entrar na alcoba con moito agasallo, e cando se d'ela despedía dixo que quería que levase un recordo do difunto e deulle un envoltorio que él colleu agradecido, ¡nais cal non sería a súa sorpresa e a súa indignación que proba a onde pode chegar o cinismo humano, cando á o desenvolver atopouse c'un utensilio do uso persoal do conde para mais que humilde servicio!

### XIII

Apenas se dera supultura ao cadávere do conde, oíanse na casa mortuoria grandes golpes, como se un carpinteiro andase traballando nela.

Un home mozo e rexo, bouraba cun martelo á ras do chan, e fatigado e sudoso, arrincaba nas táboas con gran fozallo. O oco que facía deixaba vel-a terra que era removida e o sitio eisaminado cuidadosamente. A condesa asistía á este traballo dando as indicacións que lle parecía. As portas estaban pechadas e, ambos á dous, sós na casa, pois os criados foran mandados á fora a ocupación que se lles deran para que non visen o que se facía.

Esta labor foi repetida hasta que non quedou nin unha táboa por remover. O motivo era ver se o difunto deixaría alí soterrado diñeiro que supoñían tivese forro, posto que nas gabetas e sitios de costume, non aparecera o que calculaban tería.

Ao fin da xornada, como esta non dese resultado, o mozo, aínda mais que a condesa, estaba de mal xeito, e dicía con rabia:

—¿Pero onde metería os cartos ese larpeiro?

Mais logo se consolaron (o mozo da condesa, que non era outro, e a condesa) cavi-

lando que lles quedaba mais que d'abondo para viviren, folgados e con fartura, o resto dos seus días por longo que fose.

Con todo, o pobo, malicioso sempre, estendeu a sona de que o conde non morreca de boa morte, que a xusticia tomaría parte no asunto, e que a herdeira, sería, non a condesa, senon a curia. E non faltaba tampouco quen dixese que ó conde, cando casara co'a fidalga de Finchorelle, era viudo de unha doña Sofía, de quen tivera un fillo que de rapás, marchara ao estranxeiro, e nunca mais se soubera d'él, pero que vivía aínda, e que mariñeiros recén chegados da América vírano e falarano nos Estados-Unidos; que estaba solteiro, e que presto viría a tomar posesión do que pol-o pai lle correspondía herdar.

Todo esto chegou a oídos da condesa, e temeu. Víase envolta en papel de oficio, perdida a herencia que tanto traballara por lograr, e botada da casa de Alvorelle pol-o fillastro, por canto as leis que entón rexían non daban ás viudas os dereitos

que lles hoxe concede o Código civil. Sómente temperaba algo a sua amargura a solteiría do fillo do conde, porque d'esta, se o caso chegar, inda podería sacar partido.

O amante acougouna lle dicindo:

—Non teñas medo. Os cartos poden todo. Ningún se atreverá con nosco. Mais, por de pronto, o que faceremos será non poñer campa na sepultura. A herba cubrirá a terra e endexamais se saberá onde xaz o conde, e o non sabendo non haberá cuidado de que o desenterren para averiguar de que morte morreu. O de que o conde deixa un fillo é unha bouga. Non deamos pois afecto a faladurías das xentes que ninguén pode acamallal-as linguas.

Sosegouse a condessa, e como pasara tempo sen que lle a xusticia entrara pol-a casa, nin o fillastro dera razón de sí, cuidou que xa chegara a hora de novo matrimonio que, efectivamente, celebrou c'o mozo que lle tantas veces tiña servido de marido antes de recibir os dereitos de tal.

Os caseiros do conde vello, respiraran



cando aquel morreu. Cuidaban, cambiando de amo, que mellorarían de sorte, caíndo baixo a man d'outro mais humano, pero enganaronse de todo. Se o vello era duro, o novo era-o moito mais e mais avarento aínda que o seu antecesor, e tiña-lles sempre o pé no pescozo sin deixal-os acougar. Para ben d'eles logo lle entrou un mal cansado que, en menos d'un ano, levouno ao mesmo cimiterio de Alvorelle a facer compañía ao outro conde, sen poder disfrutar da fortuna que tanto cubizara e sendo escravo de si mesmo coma o outro. A víspera de morer trouxeron-lle un pescadiño, e sabido o que custara, que non era moito, dixo:

—Non quero peixes tan caros.

O médico certificou que morrera por falta de alento, e o xués, que tamén era médico, felicitouno lle dicindo que na súa vida vira certificado tan ben feito, porque, nefeuo, todos morremos cando se nos o alento acaba.

#### XIV

A condessa que, se pasara un purgatorio c'o primeiro home, pasara un inferno c'o segundo, porque no vizor da idade, forte e sabedor de quen tiña, era para ela mais tirano que un vello debile e case caduco; rica, nova tamén, e conservando de bon ver a cara, quedou como si lle quitasen un peso de enriba.

Sômente turbaba o seu contento o pensamento de que a calquera hora puidese chegar da América o temido fillastro á facer valer os seus dereitos; mais un día, despois de se mirar ao espello, botou os seus temores e dixo:

—¡Que boba son! Se ven que veña. Xa cairá nas miñas redes.

Consolou-se, pois, de seguida, pensando unicamente en novas nucas. Non tiña fillos, porque un que lle quedara do segundo home pouco viviu, e mozos habían de lle sobrar. Puxo a casa con luxo, e arreglou, sobre todo, o xardín, onde recibía o segundo ma-

rído cando este iba a usurpal-as funcións do primeiro, e alí, entre medio das rosas e aspirando o seu arrecendente ulido, lembrábase con pracer d'aqueles momentos de pecaminosa felicidade. O xardín conservaba aberto, como vivo recordo dos tempos pasados, o portelo por onde entraba âs noites o conde segundo, portelo por onde había de lle vir, á ela, inopinada disgracia.

Unha tarde de vrao que, gozando da frescura, estaba sentada a condessa levantô á imaxinación a se deleitar con tan doces recordos, un tumulto de xente e grandes berros de:

—¡Un can doente! ¡Atallade! ¡Atallade!, sacouna do seu embargamento. Quixo fuxir, e os xionllos faltaronlle; quixo pedir lle valesen, e non puido dar fala c'o medo. En tanto, un can que iba correndo diante de un fato de homes que o perseguían, entrou pol-o aberto portelo, e abozándose â condessa, tirouna no chan, trabou nela canto quixo, e cando os homes chegaron pé d'ela xa o can largara, deixando â

condesa ensanguentada, con porción de feridas.

Chamouse de seguida un médico que foi na hora e dixo que non había mais remedio que queimar as feridas c'un ferro ardendo. Fíxose a terríbele operación, e o galeno asegurou que, con aquel procedimento, a condesa estaba salvada; pero esta, fose c'o susto, co'a dór da operación, ou c'o mal que a traballaba, púxose triste e preocupada sen que as seguridades do médico influiran no seu ánimo.

Aos sesenta días a condesa adoeceu. O médico, cando o foron á buscar, quedou espantado co'a noticia.

—Non pode ser, dicía. Eu queimeille as feridas á conciencia. Non pode ser.

Foi, pois, a vel-a disgraciada. Topouna co'a onda, e así que lle o ataque pasou e deixou calmada, reconoceuna con detenimento, virándoselle a cór de súpeto. As feridas foran efectivamente queimadas, pero quedara sen queimar unha pequena nun brazo, porque cadrando por debaixo da fina man-



ga do vestido, nen a mesma condesa se decatara d'ela.

## XV

No primitivo cemiterio da aldea, dormen o sono eterno, ha mais de cincuenta anos, os dous condes e as duas condesas de Alvorelle, a señora viuda de Finchorelle e os seus fillos. Á vitimas e verdugos cobre a mesma terra naquel lugar de repouso. O silencio que alí reina so é turbado pol-o queixume de lúgubres ciprestes ao seren bi-cados pol-o vento, ou pol-as nocturnas ago-reiras aves que neles pousan e pían.

Nen dos condes nen dos fidalgos vive hoxe descendente. Están esquencidos de todo. Sômente algún vello, dos poucos que quedan e recordan os dramáticos sucesos aquí relatados que de mocetes oían contar á seus pais, cando lle cadra pasar por diante da porta fechada da mansión dos mortos enriba da que ainda se pode ler:

*Pulvis et umbra sumus*

non deixa de cavilar na inestabilidade das



cousas humanas e nos terribes resultados da cubiza, da invexa, da vinganza e das rúis pasiós que lexugan as almas, e por diversos camiños, chegan a ser a acabación dos homes e das familias cando se lles non sabe ou se lles non quer poñer un freo que as atafegue no berce.

F I N

## OBRAS DO AUTOR

---

*Historia de Betanzos.* Cruña, 1887.

*Os Calaicos* (poema). Habana, 1894.

*Odas de Anacreonte* (postas en verso gallego). Cruña, 1897.

*Resume da Historia de Galicia.* Cruña, 1899.

*Mágoas* (poesías). Lugo, 1919.


*Follas ao vento* (poesías). Cruña, 1919.

### Próximas a se reimprimir

*Historia da Agricultura en Galicia* (obra premiada).

*Fernando de Xinzo* (poema) (obra premiada).

*Epístola de Horacio aos Pisós sobre da*





**Precio: DOS pesetas**